

NOTA INFORMATIVA SOBRE A POSTA EN MARCHA DURANTE O ANO 2024
DO PROGRAMA DO FONDO SOCIAL EUROPEO PLUS DE ASISTENCIA
MATERIAL BÁSICA (PROGRAMA BÁSICO).

A programación dos Fondos estruturais da Unión Europea (UE) para o novo Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 cambia a formulación da xestión dos fondos destinados a dar cobertura ás situacións de privación material, ata o de agora executados no marco do FEAD 2014-2020, incorporándoos ao Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

O FSE+ ofrece a posibilidade de reforzar o dereito de todas as persoas que o necesiten á cobertura de alimentos e/ou prestación de asistencia material básica, con garantía pública, a través de sistemas normalizados que respecten a dignidade e eviten a estigmatización das persoas, así como a de implementar enfoques de atención máis integrais.

Para a implementación deste novo programa, o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia acordou o 15 de decembro de 2021 que a concentración temática da loita contra a privación material do FSE+ desenvolveríase a través dun Programa único a nivel estatal que se xestionaría polas Comunidades Autónomas; e posteriormente o 7 de abril de 2022 estableceu as bases comúns xerais para o desenvolvemento do sistema de prestación de asistencia material básica en España, así como os criterios de distribución territorial do novo fondo entre as Comunidades e Cidades autónomas para a súa xestión autónoma por parte destas.

Neste acordo estableceuse que a provisión da axuda se realizase de maneira indirecta, a través de sistemas normalizados que respecten a dignidade e eviten a estigmatización das persoas, garantindo así mesmo a participación activa das persoas afectadas, con capacidade de decisión respecto a todos os aspectos que lles afectan, incluíndo a provisión das súas necesidades básicas e a posta en marcha medidas de acompañamento.

A Comisión Europea aprobou o Programa FSE+ de Asistencia Material Básica o 9 de decembro de 2022, que posteriormente foi modificado a solicitude da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (UAFSE), organismo situado no Ministerio de Traballo e Economía Social responsable de administrar os recursos procedentes do Fondo Social Europeo en España, para establecer que nunha primeira etapa de implementación a contratación e entrega das tarxetas ou vales canxeables a poidan realizar entidades do terceiro sector con capacidade, para asegurar a prestación da



axuda ata o 31 de decembro de 2024, nesta primeira etapa baixo as directrices do Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030.

De acordo con iso, o 23 de xaneiro de 2024, o Goberno central aprobou o Real Decreto 93/2024 polo que se regula a concesión directa dunha subvención á entidade social Cruz Vermella Española para a posta en marcha durante o ano 2024 do Programa do Fondo Social Europeo Plus de Asistencia Material Básica (Programa BÁSICO) en todo o territorio nacional.

O artigo 4.1.d) do Real Decreto 93/2024 establece, entre as actividades que deberá levar a cabo a entidade beneficiaria, a seguinte: "A coordinación cos centros directivos competentes en materia de benestar social das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, para a valoración e posterior derivación por parte destas ás delegacións de Cruz Vermella Española das familias con fillos e fillas a cargo, susceptibles de recibir a axuda por acreditar os requisitos establecidos no Programa BÁSICO". En relación coas obrigacións que debe asumir a entidade beneficiaria, o Real Decreto establece, no seu artigo 5.6, que as tarxetas ou vales canxeables entregaranse ás persoas identificadas como destinatarias no Programa BÁSICO, acreditadas e derivadas pola comunidade autónoma correspondente ou por Ceuta ou Melilla.

De acordo co anterior, e con base nas competencias de planificación e programación que lle atribúe o artigo 59 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, asume a competencia de facilitar o acceso e derivación de persoas usuarias ao Programa BASICO, coordinando as actuacións das Administracións Públicas e entidades involucradas, en virtude do previsto no artigo 4.1.d) do Real Decreto 93/2024, do 23 de xaneiro.

O artigo 10 da citada Lei 13/2008, do 3 de decembro, contempla o carácter polivalente dos servizos sociais comunitarios básicos, dependentes das entidades locais, e encádraos como a vía normal de acceso ao sistema de servizos sociais. Pola súa banda o artigo 11, atribúelles, entre outras, as funcións de " *atención das situacións individuais, a información en relación ás demandas presentadas, o diagnóstico e valoración técnica previa e a consecuente intervención no caso, que incluírá, cando sexa conveniente, a derivación cara ao recurso idóneo dentro do sistema galego de servizos sociais ou a outros sistemas de benestar ou a asistencia nos trámites necesarios para acceder a outros recursos*", así como a " *participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social*".



Para estes efectos, e no exercicio das competencias mencionadas, serán os servizos sociais comunitarios que participen no programa os que realizarán a comprobación do cumprimento dos requisitos e a derivación das persoas usuarias á Xunta de Galicia, que á súa vez dará traslado a Cruz Vermella para que proceda a realizar a entrega das tarxetas.

Persoas destinatarias do programa:

De acordo co establecido no apartado 2.1.1.2.1 do Programa BÁSICO, este dirixirase ás **familias con menores a cargo que se atopen por debaixo do limiar de pobreza severa**. En concreto, poderán ser destinatarias deste programa aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- Formar parte dunha unidade familiar ou de convivencia con, polo menos, unha persoa menor ao seu cargo.

A persoa solicitante deberá ter cumpridos 18 anos ou máis, agás se se trata dun/dunha menor emancipado/a.

Considerarase unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

Unicamente se poderá conceder unha tarxeta por unidade de convivencia.

- Vivir en fogares cuxos ingresos por unidade de consumo sexan inferiores ao 40% da renda mediana nacional. Para estes efectos computaranse a totalidade de ingresos que perciben as persoas integrantes da unidade de convivencia.

No **anexo I** figura a táboa de cálculo de ingresos por unidade de consumo inferiores ao 40% da renda mediana nacional segundo o tipo de fogar.

- Estar empadroada nalgún municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a comprobación dos requisitos mencionados por parte do/a usuario/a e da súa unidade familiar ou de convivencia, os servizos sociais da entidade local poderán solicitar cuantos datos, documentación e informes sexan necesarios tanto á persoa usuaria como a outras institucións ou entidades públicas ou privadas.

As persoas que non contén con residencia legal en España deberán asinar unha declaración responsable na que se indicará o cumprimento dos requisitos



establecidos no programa por parte de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia, xunto cun informe social que expoña as circunstancias que se toman en consideración para propoñer a participación no programa.

Calquera cambio nas circunstancias da persoa usuaria que supoñan incumprimento dos requisitos de acceso ao programa ao que foi derivado deberá ser comunicada con obxecto de proceder á baixa ou modificación da contía da axuda.

Contido do programa:

O programa consiste na posta a disposición das persoas destinatarias de tarxetas canxeables por produtos de asistencia material básica, en concreto produtos de alimentación (*excluíndose todo tipo de bebidas e refrescos que conteñan gas, azucre ou produtos substitutivos; bebidas alcohólicas de todo tipo; produtos dietéticos; bolería e chucherías; auga embotellada, salvo en circunstancias nas que non se poida acceder á auga potable; e produtos elaborados, fóra de legume precociñada e conservas*), así como artigos de hixiene tales como xabón, champú, pasta de dentes, produtos de hixiene feminina menstrual e cueiros infantís.

As tarxetas unicamente poderán empregarse nos establecementos colaboradores do programa, por ter sido adxudicatarios da licitación promovida por Cruz Roja Española. En Galicia estes establecementos pertencen a catro cadeas: **Alcampo, Alimerka, Carrefour e Vegalsa-Eroski**. O listado completo de tendas existentes facilítase conxuntamente con esta nota.

A contía mensual vinculada á tarxeta de alimentos no "Programa de Asistencia Material Básica FSE+ 2021-2027" está fixada en función da composición da unidade familiar, de acordo cos importes indicados na seguinte táboa:

Nº de membros da unidade familiar ou de convivencia (<i>sendo menor de idade polo menos un deles</i>)	Contía mensual
2 persoas	130 €
3 persoas	160 €
4 persoas	190 €
5 ou máis persoas	220€

O Programa BÁSICO inclúe, ademais, unha serie de medidas de acompañamento que recibirán as persoas beneficiarias en función das súas necesidades. Estas medidas poderán consistir en facilitar información sobre os recursos sociais dispoñibles e





XUNTA
DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL
DE INCLUSIÓN SOCIAL



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

sobre o seu acceso, derivación ou reorientación a recursos sociais, educativos e sanitarios ou prestación directa de servizos, programas e actividades dirixidas á inserción sociolaboral.

Acceso e derivación ao programa:

As solicitudes de acceso ao programa tramitaranse polos/as traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios básicos do concello de residencia da persoa solicitante, na súa condición de profesionais de referencia do Sistema Galego de Servizos Sociais.